

ACTA N.º 2/2016
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 3 DE MARZO DE
2016

ASUNTOS

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTA ANTERIOR

I.2.- MODIFICACIÓNS RETRIBUTIVAS:

A) POSTO ENCARGADO DE VÍAS E OBRAS (expte. n.º 2015/01rhx)

B) MODIFICACIÓN RETRIBUTIVA POSTO INSPECTOR POLICÍA (expte. n.º 2015/02rhx)

C) MODIFICACIÓN RETRIBUTIVA POSTO ENXEÑEIRA (expte. n.º 2015/03rhx)

I.3.- ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2016

I.4.- SOLICITUDE A UNICEF DO RECOÑECEMENTO DE CIDADE AMIGA DA INFANCIA

I.5.- CATÁLOGO DAS PAIXASES DE GALICIA

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

II.2.- DAR CONTA DA AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2015

II.3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DURANTE O CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2015

II.4.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE ÓRDENES DE PAGO CON REPAROS CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2015

II.5.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez

Concelleiros/as:

- D.^a Raquel Giráldez Armas

- D. Diego García Moreira

- D. Rubén Rial Sánchez

- D.^a Ana Pérez Pérez

- D. José Luis Sanromán Román

- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

- D. Alberto García Pazos

- D. Modesto Martínez Sienes

- D.^a Liliana Silva Pequeño

- D.^a M.^a Carmen Alonso Macías Jorroto

- D. Miguel Alonso Fernández

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo

- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

- UCNigrán: - D. Antonio Fernández Comesaña
- BNG: - D. Xavier Rodríguez Fernández

Interventor: D. Modesto Solía Sanz
 Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 3 de marzo de 2016.
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán.
- *Carácter da sesión:* ordinaria, ao aprazarse a esta data a correspondente ao mes de febreiro.
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20:01
- *Hora de remate:* 23:35
- *Número legal de membros da Corporación:* 17.
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17.

Incidencias:

Non se producen alteracións no *quórum* de asistencia nin outras incidencias.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

Aberta a sesión o Sr Alcalde dulle lectur a unha declaración institucional con motivo da celebración, o próximo 8 de marzo, do Día Internacional da Muller; declaración que conta coa aquiescencia dos grupos municipais e que foi extraída da elaborada pola FEMP:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Políticas públicas, reformas legislativas que garantan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, estratexias sociais e prácticas institucionais que melloren a vida das mulleres e den visibilidade aos seus problemas, son actuacións imprescindibles que o 8 de marzo poranse de manifesto en todo o mundo.

Ese día, declarado polas Nacións Unidas Día Internacional da Muller, representa un ideal de xustiza e igualdade sen o que non é posible pensar a sociedade moderna, unha realidade da que a Administración Pública, en xeral, e as Entidades Locais, de maneira específica, son plenamente conscientes e que, ademais, leva implícita unha responsabilidade irrenunciable.

O 8 de marzo é un día para o recordo e a homenaxe. Para avanzar convén non esquecer o enorme sacrificio de moitas mulleres que alzaron con decisión a bandeira dos seus dereitos civís



e políticos do mesmo modo que outras moitas reivindicaron emprego e igualdade salarial. Hoxe, seguen manifestándose diferencias inxustificables entre uns e outras e por iso compete á Administración Pública actuar para que deixen de producirse. Esa é a homenaxe que corresponde resolver cunha verdadeira implicación todo o que aínda hai de inxusto na nosa sociedade.

A igualdade de xénero supón unha mirada diferente sobre as nosas cidades e pobos para facer deles espazos de convivencia nos que mulleres e homes deben compartir con idénticas condicións o protagonismo dun tempo novo. Esa responsabilidade tradúcese en accións e esas accións fanas posibles políticas e políticos, funcionarias e funcionarios públicos, e todas as persoas que traballan nos distintos servizos que conviven cunha realidade á que se enfrontan, e que deben transformala día a día.

Con motivo da conmemoración deste día, a Federación Española de Municipios e Provincias os Governos Locais, e en particular o Concello de Nigrán, súmanse á celebración desta xornada constituída por Nacións Unidas para reflexionar sobre o grao de avance logrado na loita contra a desigualdade que existe entre mulleres e homes e para emprender cantas actuacións sexan precisas a favor dos dereitos das mulleres en todos os ámbitos da sociedade.

Por iso, a conmemoración desta xornada supón unha oportunidade máis para mostrar o compromiso das institucións locais cos dereitos da muller, manifestar a implicación de todas e todos na resolución dos graves problemas que as afectan e singularmente para facer fronte á lacra da violencia de xénero, verdadeiro estigma da peor inxustiza social.

A discriminación alcanza o seu punto máis elevado nos casos do maltrato e violencia en todas as súas formas, e en especial nos horribles crimes machistas que asolan ao noso país con datos estadísticos que nos obrigan a ser firmes, precisos e claros na loita para erradicalos.

Celebramos o impulso, por parte de Nacións Unidas, do programa *"Por un Planeta 50-50 en 2030: Demos o paso para a igualdade de xénero"*, para alcanzar un mundo no que todas as mulleres e nenas teñan as mesmas oportunidades e os mesmos dereitos. *"Demos o paso"* pide aos gobernos realizar compromisos nacionais que poñan fin á brecha na igualdade de xénero dende leis e políticas ata plans de acción nacional e inversións adecuadas.

Para elo é preciso crear estruturas firmes, consensuadas e duradeiras capaces de canalizar os esforzos que se están desenvolvendo dende o ámbito local en materia de igualdade e continuar promovendo o desenvolvemento de políticas que estimulen a eliminación de toda a discriminación por razón de xénero.

É necesario que garantamos a igualdade entre mulleres e homes na totalidade dos espazos da política local así como no acceso e integración da muller en todos os ámbitos da vida pública e a toma de decisións.

Estamos comprometidos co futuro, co noso e co das xeracións que están por chegar, con todas as persoas -mulleres e homes- que viven nas nosas cidades e que demandan vivir e formar parte delas en igualdade.

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 28 de xaneiro de 2016.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

Acordo. Coa conformidade dos 17 membros que integran a Corporación queda aprobada a acta da sesión do 28 de xaneiro de 2016.

I.2.- MODIFICACIÓNS RETRIBUTIVAS:

A) POSTO ENCARGADO DE VÍAS E OBRAS (expte. n.º 2015/01rhx)

O 15 de xaneiro de 2016, a Alcaldía emite proposta de modificación retributiva do posto Encargado de vía e obras. Tratada na Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de xaneiro de 2016, esta pide que se incorpore unha xustificación ou motivación das razóns polas que se propoñen determinadas cantidades e non outras. O Pleno do Concello na sesión ordinaria do 28 de xaneiro de 2016 acordou deixar o asunto sobre a mesa.

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 17-02-2016, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Tendo en conta que o Concello Pleno, na súa sesión extraordinaria do día 15/01/2015, inadmitiu integramente as seis reclamacións presentadas no período de exposición pública do orzamento xeral do Concello de Nigrán correspondente ao exercicio do ano 2015, quedando o mesmo definitivamente aprobado, o cal foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra Núm. 11 o 19/01/2015.

Visto que no cadro de persoal laboral fixo aprobado recollese un importe de 25.200,28 euros en concepto de retribucións (sen antigüidade) en relación ao posto de traballo denominado Encargado de Vías e Obras, fronte aos 22.065,26 euros que por ese mesmo concepto para ese posto se recollía no cadro de persoal laboral fixo aprobado xunto co orzamento xeral do Concello de Nigrán correspondente ao exercicio do ano 2012 publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra Núm. 25 do 06/02/2012.

Visto tamén os certificados emitidos pola Secretaría das Mesas de Negociación celebradas neste concello os días 22/10/14 e 19/11/2014 nas que se deu conta do borrador do orzamento correspondente ao ano 2015.

Tendo en conta tamén que no cadro de persoal laboral fixo aprobado xunto co orzamento xeral do Concello de Nigrán correspondente ao exercicio do ano 2013 (publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra Núm. 117 o 19/06/2013) recollíase xa o importe de 25.200,26 euros en concepto de retribucións (sen antigüidade) en relación ao posto de traballo denominado Encargado de Vías e Obras e que con data 25/06/2013 a Concelleira de Persoal propón o inicio dos trámites necesarios para regularizar a situación anteriormente exposta, e proceder á incorporación efectiva no salario do citado traballador no concepto retributivo que corresponda, proposta que foi ratificada polo novo Concelleiro de Persoal o 25/03/2014.



Vista a proposta da anterior Alcaldía con data de 19/02/2015 dirixida ao Concello Pleno de modificar as retribucións asignadas ao posto de Encargado de Vías e obras do Concello de Nigrán, incrementado o importe en concepto de complementos pola cantidade de 3.135 euros, quedando o importe anual das súas retribucións (sen antigüidade) fixado en 25.200,28 euros.

Esta Alcaldía Presidencia, ratificando á proposta de 19/02/2015 anteriormente citada e no uso das facultades legalmente conferidas, **PROPÓN** ao Concello Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

PRIMEIRO.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán, que figuran nun informe do día 22.04.15, referencia T 76/15 .

SEGUNDO.- Modificar as retribucións asignadas ao posto de Encargado de Vías e obras do Concello de Nigrán, incrementado o importe en concepto de complementos pola cantidade de 3.135 euros, quedando o importe anual das súas retribucións (sen antigüidade) fixado en 25.200,28 euros.

TERCEIRO.- Que dita modificación resulte efectiva a partir do mes seguinte á aprobación polo Concello Pleno do presente acordo.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicándolle que esta resolución pon fin á vía administrativa polo que contra a mesma cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que a dictou, ou interpoñer directamente recurso contencioso- administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo a distribución de competencias que se contén na lei 29/1998 do 13 de xullo, no prazo de dous meses a contar dende a notificación. Todo sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que estime procedente.

B) MODIFICACIÓN RETRIBUTIVA POSTO INSPECTOR POLICÍA (expte. n.º 2015/02rhx)

O 15 de xaneiro de 2016, a Alcaldía emite proposta de modificación retributiva do posto Inspector de Policía, no seguinte sentido:

No inicio do expediente desta modificación retributiva constaba como aumento do complemento específico 6,573,94 euros quedando fixado en 18.345,04 euros anuais para o posto de "Inspector de Policía" e un nivel de posto 22.

Con data 19/11/2014 na Comisión Especial de Contas celebrada con motivo do "Orzamento Xeral do Exercicio 2015" modifícase o C.E. dende os 18,345,04 euros ata os 12,463,60 euros e o nivel do posto se aumenta de 22 a 24.

Con data 19/02/2015 preséntase unha proposta de ALCALDÍA cunha serie de antecedentes históricos propondo aumentar o complemento específico do posto de "Inspector de Policía" en 692,54 euros, quedando un importe anual fixado en 12,463,60 euros e o nivel de dito posto establecéndoo en 24.

Esta Alcaldía Presidencia, no uso das facultades legalmente conferidas, **PROPÓN** ao Concello Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

PRIMERO.- Modificar o complemento específico do posto de "Inspector de Policía" volvendo o importe ao momento de iniciarse o expediente de modificación retributiva, quedando fixado en 18,345,04 euros e o nivel de dito posto en 22.

SEGUNDO.- Que dita modificación resulte efectiva a partir do mes seguinte á aprobación polo Concello Pleno do seguinte acordo.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicándolle que esta resolución pon fin a vía administrativa polo que contra a mesma cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que a dictou, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo a distribución de competencias que se contén na Lei 29/1998 do 13 de Xullo, no prazo de dous meses a contar dende a notificación. Todo sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de xaneiro de 2016, respecto da proposta citada, pide que se incorpore unha xustificación ou motivación das razóns polas que se propoñen determinadas cantidades e non outras. O Pleno do Concello, na sesión ordinaria do 28 de xaneiro de 2016, acordou deixar o asunto sobre a mesa.

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 17-02-2016, informa favorablemente o expediente, coa proposta da Alcaldía que figura no mesmo e coa inclusión do seguinte punto:

PRIMEIRO.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán, que figuran nun informe do día 24.04.15, referencia T 78/15.

C) MODIFICACIÓN RETRIBUTIVA POSTO ENXEÑEIRA (expte. n.º 2015/03rhx)

O 15 de xaneiro de 2016 a Alcaldía emite proposta de modificación retributiva. Tratada na Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 22 de xaneiro de 2016, esta pide que se incorpore unha xustificación ou motivación das razóns polas que se propoñen determinadas cantidades e non outras. O Pleno, na sesión ordinaria do 28 de xaneiro de 2016, acorda deixar o asunto sobre a mesa.

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 17-02-2016, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Tendo en conta que o Concello Pleno, na súa sesión extraordinaria do día 15/01/2015, inadmitiu integramente as seis reclamacións presentadas no período de exposición pública do orzamento xeral do Concello de Nigrán correspondente ao exercicio do ano 2015, quedando o mesmo definitivamente aprobado, o cal foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra Núm. 11 o 19/01/2015.

Visto que no cadro de persoal funcionario aprobado recóllese un importe de 25.772,60 euros en concepto de complemento específico anual en relación ao posto de traballo denominado Enxeñeira, fronte aos 18.345,04 euros que por ese mesmo concepto para ese posto se recollía no cadro de persoal funcionario aprobado xunto co orzamento xeral do Concello de Nigrán correspondente ao exercicio do ano 2013 e prorrogado para o ano 2014 publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra Núm. 117 do 19/06/2013.

Visto tamén os certificados emitidos pola Secretaría das Mesas de Negociación celebradas neste concello os días 22/10/14 e 19/11/2014 nas que se deu conta do borrador do orzamento correspondente ao ano 2015.



Tendo en conta tamén que no cadro de persoal funcionario aprobado xunto co orzamento xeral do Concello de Nigrán correspondente ao exercicio do ano 2009 (publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra Núm. 229 do 26/11/2009) e prorrogado para os anos 2010 e 2011 recóllense dúas prazas de enxeñeiro conforme ao seguinte desglose:

Denominación	Nivel	Complem. Específico	Escala	Subescala	Clase	Categoría	Grupo	Observacións
Enxeñeiro	28	31.722,46	Adm. Especial	Técnica	Tec. Superior	Enxeñeiro	A1	A amortizar
Enxeñeiro	22	19.252,80	Adm. Especial	Técnica	Tec. Superior	Enxeñeiro	A1	Vacante (nova creación)

E que no cadro de persoal laboral fixo aprobado xunto co orzamento xeral do Concello de Nigrán correspondente ao exercicio do ano 2012 (publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra Núm. 25 do 06/02/2012) amortízase unha das prazas, quedando a outra da seguinte forma:

Denominación	Nivel	Complem. Específico	Escala	Subescala	Clase	Categoría	Grupo	Observacións
Enxeñeiro	22	18.345,04	Ad. Especial	Técnica	Tec. Superior	Enxeñeiro	A1	Vacante

Vista a proposta da anterior Alcaldía con data de 19/02/2015 dirixida ao Concello Pleno de modificar o complemento específico asignado ao posto de Enxeñeira incrementado o seu importe pola cantidade de 7.427,56 euros, quedando o importe anual fixado en 25.772,60 euros.

Esta Alcaldía Presidencia, ratificando á proposta de 19/02/2015 anteriormente citada e no uso das facultades legalmente conferidas, PROPÓN ao Concello Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

PRIMEIRO.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán, que figuran nun informe do día 23.04.15, referencia T 77/15 .

SEGUNDO.- Modificar o complemento específico asignado ao posto de Enxeñeira incrementado o seu importe pola cantidade de 7.427,56 euros, quedando o importe anual fixado en 25.772,60 euros.

TERCEIRO.- Que dita modificación resulte efectiva a partir do mes seguinte á aprobación polo Concello Pleno do presente acordo.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicándolle que esta resolución pon fin á vía administrativa polo que contra a mesma cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que a dictou, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo a distribución de competencias que se contén na lei 29/1998 do 13 de xullo, no prazo de dous meses a contar dende a notificación. Todo sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Deliberación conxunta sobre as propostas.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Propón que se traten en conxunto os tres apartados.

D. Diego García Moreira, concelleiro delegado: Son expedientes iniciados na lexislatura anterior. Pensan que por razóns de xustiza deben continuarse.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Analizado o expediente, absteranse.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Non entran no fondo. Estas iniciativas deberían incluírse nunha RPT. Absteranse.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Os expedientes veñen da anterior corporación. A corporación xa contemplou no orzamento as contías e posteriormente tramitáronse uns expedientes que deberon ser previos. Ao mellor isto puido ocasionar prexuízos económicos aos afectados. Os informes sinalan a RPT como mecanismo correcto, pero tamén chaman a atención os agravios comparativos. Así pasa co complemento de destino da Enxeñeira é tamén co seu específico, particularmente reducido. Para valorar este último hai que ter en conta unha serie de factores. Pediu, e aínda non a ten, a acta da mesa de negociación. As retencias veñen porque ao faltar a RPT pode haber agravios comparativos. Aínda pensando que non é o máis idóneo, vai apoiar cun matiz, o de actualizar as cantidades no 1% de incremento previsto para os empregados públicos para 2016, excepto no caso do Inspector, porque xa se contempla.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Non discute a xustiza da proposta, pero si a forma de facelo ao afrontalo de xeito individual. Defenden que estas cuestións se resolvan colectivamente na RPT. Non se opón á proposta pero tampouco a apoiarán polo indicado. Pide que se acabe coas gratificacións coas que se trataba de compensar esta situación. Entende que, normalizada a situación, xa non se reproducirán.

Sr. García Moreira: Asume o compromiso de levar a cabo a RPT, porque esta non é a mellor forma de resolver o problema.

Sr. García Pazos: A razón é que as situacións concretas viñan xa de bastante atrás.

Votación e acordo sobre as propostas.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 8; PSOE e UCN.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 9; PP, Nigrán Decide e BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda:

A) POSTO ENCARGADO DE VÍAS E OBRAS (expte. n.º 2015/01rhx)

Aprobar a proposta ditaminada pola Comisión Especial de Contas do 17-02-2016, incrementando nun 1% (un por cen) as cantidades consignadas no seu apartado segundo.

B) MODIFICACIÓN RETRIBUTIVA POSTO INSPECTOR POLICÍA (expte. n.º 2015/02rhx).



Aprobar a proposta ditaminada pola Comisión Especial de Contas do 17-02-2016 e, en consecuencia:

PRIMEIRO.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán, que figuran nun informe do día 24.04.15, referencia T 78/15 .

SEGUNDO.- Modificar o complemento específico do posto de "Inspector de Policía" volvendo o importe ao momento de iniciarse o expediente de modificación retributiva, quedando fixado en 18.345,04 euros e o nivel de dito posto en 22.

TERCEIRO.- Que dita modificación resulte efectiva a partir do mes seguinte á aprobación polo Concello Pleno do seguinte acordo.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicándolle que esta resolución pon fin a vía administrativa polo que contra a mesma cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que a dictou , ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo a distribución de competencias que se contén na Lei 29/1998 do 13 de Xullo , no prazo de dous meses a contar dende a notificación. Todo sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

C) MODIFICACIÓN RETRIBUTIVA POSTO ENXEÑEIRA (expte. n.º 2015/03rhx)

Aprobar a proposta ditaminada pola Comisión Especial de Contas do 17-02-2016, incrementando nun 1% (un por cen) as cantidades consignadas no seu apartado segundo.

1.3.- ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2016

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 26-02-2016, informa favorablemente o expediente do orzamento xeral do exercicio 2016, coa seguinte proposta da Alcaldía:

Cumprindo o establecido no artigo 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, realizados todos os trámites para a elaboración do orzamento xeral correspondente ao ano 2016, este Alcalde proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral deste Concello para o ano 2016, co seguinte resumo por capítulos de ingresos e gastos:

ESTADO DE INGRESOS

A) Operacións correntes:

CAP.	DENOMINACIÓN	EUROS
1	Impostos directos	5.068.150,00
2	Impostos indirectos	400.000,00
3	Taxas e outros ingresos	3.522.372,00
4	Transferencias correntes	3.773.324,05
5	Ingresos patrimoniais	59.675,00
	Total operacións correntes	12.823.521,05

B) Operacións de capital:

CAP.	DENOMINACIÓN	EUROS
6	Enaxenación de investimentos reais	40.000,00
7	Transferencias de capital	736.060,63
8	Activos financeiros	10.000,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	Total operacións de capital	786.060,63

Total estado de ingresos 13.609.581,68

ESTADO DE GASTOS

A) Operacións correntes:

CAP.	DENOMINACIÓN	EUROS
1	Gastos de persoal	4.191.341,05
2	Gastos en bens correntes e servizos	7.200.421,33
3	Gastos financeiros	65.633,78
4	Transferencias correntes	482.976,00
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00
	Total operacións correntes	11.940.372,16

B) Operacións de capital:



CAP.	DENOMINACIÓN	EUROS
6	Investimentos reais	1.323.161,46
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	10.000,00
9	Pasivos financeiros	336.048,06
	Total operacións de capital	1.669.209,52

Total estado de gastos 13.609.581,68

2º.- Aprobar as bases de execución do orzamento, así como os investimentos recollidos no capítulo 6 do estado de gastos e anexo de investimentos.

3º.- Aprobar o cadro de persoal relativo ao persoal funcionario, laboral e eventual, así como o anexo de persoal, coa relación valorada de todos os postos de traballo.

4º.- Expoñer ao público o orzamento xeral, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios e na páxina web deste Concello, para que os interesados debidamente lexitimados podan examinalo e presentar reclamacións ante o pleno.

Se no prazo de exposición ao público non se presentaran reclamacións contra o orzamento xeral de 2016, entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario. En caso de existir reclamacións, procederase na forma indicada no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

En todo caso, será preciso que se proceda á publicación á que fai referencia o apartado 3 do mesmo artigo.

5º.- Remitir unha copia do orzamento xeral á Administración do Estado e da Xunta de Galicia.


Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Agradece a colaboración de todos os grupos. É certo que se trae con retraso. A súa proposta inicial entendían que era a mellor posible. Tiña en conta as circunstancias de axuste en ingresos e gastos en relación coas posibilidades e os obxectivos pretendidos. Entre estes últimos atopábanse propostas orientadas ás persoas máis necesitadas, así como a favorecer o emprego, educación, medio ambiente, cultura, deporte, subvencións a entidades sociais. Tamén para o control das concesionarias, portal de transparencia, cemiterio de Parada, rehabilitación das antigas escolas de Vilameán. Todo elo pensando nas persoas, como é o caso das melloras de equipamento en centros sociais do Concello. Presentado en xaneiro aos grupos esa proposta de orzamento, o mes de febreiro foi un tempo de colaboración entre os grupos municipais. Froito dese traballo colectivo é esta proposta, que pensa que é mellor que a inicial. Reforzouse a consignación para emprego, acadando os 40.000 euros. A biblioteca prevese mellorar proxectando un novo espazo. Tamén

se pretende rehabilitar o Camiño Vello, unha aspiración do representante de UCN. Prevese mercar unha nave en Porto do Molle para almacén e servir de base aos servizos urbanos do Concello. Tamén hai unha partida para o inventario municipal. Unha dotación para un plan de mobilidade sostible, con posibilidade de acollerse a fondos FEDER. Ademais mellórase a dotación para a páxina web e portal do cidadán. Apóstase por auditar os servizos contratados. O PP pediulle tamén a mellora en subvencións a colectivos e así se recolle. Torreiro de Priegue, parque en Vilariño, Balinfra, Mestre Vázquez Grela, Torreiro de Parada, actuacións en Panxón, asfaltados, iluminación en Chandebrito, parques infantís. Co remanente de Tesourería realizaranse outros investimentos, incluída a auga a Parada, remodelación do Pavillón, etc. Tamén se pretende mellorar a normalización lingüística (proposta do BNG). As contas están equilibradas e son o froito da colaboración dos grupos municipais. Sexa cal sexa o resultado da votación agradece o traballo feito.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: Deuse esa participación, pero tamén se fixo na lexislatura anterior na que non se obtivo a mesma resposta. Pensa que a subida en emprego non é tan alta como dixo o Alcalde. Falouse de moitos compromisos pero algúns dos citados non aparece consignado. Considera que parte dos proxectos poderían redactarse no Concello. Pregúntase por que o PSOE non apoiou orzamentos anteriores moi parecidos a este. Na súa época de goberno a situación era máis difícil. Soben os impostos indirectos considerablemente, taxas e prezos, así como o IAE e ICIO. Sobe tamén a taxa do lixo. O PP apostou por reducir a débeda na súa etapa, aínda así apoiaron aos colectivos veciñais. Naquel momento non contaron co apoio do PSOE, a pesar das similitudes con este orzamento, incluídas as bases de execución, que son idénticas. Pola vía do Catastro vanse ver afectados os veciños e non so no IBI. O gasto corrente increméntase máis dun 4%. Lamenta que no seu día o PP non tivese a colaboración que agora se lle prestou ao PSOE. Compara a situación na que o PP recibiu o goberno municipal, moito máis complexa que a que herdou o PSOE. O resultado das previsións orzamentarias é aceptable, pero cústalles darlle un voto a favor, ao mirar os comportamentos precedentes. Antes o PSOE esixía que todas as modificacións orzamentarias as aprobase o Pleno, pero agora non propón o mesmo. Tamén se esixían rebaixas nas previsións de ingresos, que agora se ignoran, ou incluso se incrementan. Outras incoherencias están nas obras a incluír nos plans da Deputación. En reparacións de diversas beirarrúas que reclamaban e agora non contemplan. Nesta mesma liña atópase a postura sobre o persoal de confianza destinado a comunicación, que se segue mantendo, o mesmo pasa coa policía de verán, que contrariamente ás esixencias do pasado, poténsiase. E así outras partidas: turismo, balizas das praias, etc. Rebaixouse a previsión de emerxencia social e outras semellantes que antes o PSOE lle reclamaba ao PP. O plan de becas de titulados que antes criticaban e agora manteñen con maior importe. Pon outros exemplos de esixencias do PSOE na precedente lexislatura que agora non contempla na mesma medida. Por outra parte, UCN criticáballes excesos na previsión de ingresos, así no tema do abastecemento de auga, e agora súbese a previsión. O mesmo pasa coas multas de tráfico. Non está en contra do esquema do orzamento, pero por coherencia cos últimos anos, non o apoiarán. Felicita ao Alcalde por sacalo adiante.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Non lles gusta o orzamento, sobre todo por cuestións de forma. Non foron uns orzamentos participativos como cabía esperar. Confían en que o ano que ven se corrixa iso. Pensa que pecan de falta de planificación. Oriéntanse ao visible (pavimentacións) en prexuízo doutras necesidades (saneamento). Non participaron na determinación do destino das subvencións da Deputación. Isto é un déficit participativo que motivará que non o apoién. O plan de emprego parécelles prioritario. Por outra parte, nos investimentos hai que ter en conta os futuros custos de mantemento. Entenden que o centro



de documentación debería estar integrado na biblioteca. Apoian o control ás concesionarias. Hai que deixar de pagar os servizos que non se realizan. No tema do portal de transparencia pódese buscar unha solución gratuíta. Haberá que completar o salario mínimo das persoas que o perciban do Concello. Contarán co seu apoio, expresado na súa abstención.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Recóllense propostas súas e doutros grupos. A vontade de chegar a acordos é importante. Esperan que siga así no futuro. Buscouse a mellora da cualidade de vida dos veciños. Sempre que sexa así poderán contar co seu grupo. O seu voto será afirmativo, e tamén esixente para que o goberno cumpra. Hai unha redución da presión fiscal, así, no IBI, que poderá compensar o incremento do valor catastral. Tamén se reducen as plusvalías. O control das concesionarias e outras empresas é necesario para mellorar a eficiencia. O centro urbano de Nigrán necesita dotación de servizos, por iso propuxo a mellora do Camiño Vello. E o mesmo noutros núcleos. Cita algúns investimentos en diversos camiños e rúas que benefician a todas as parroquias e arranxan claros deterioros. No relativo ás multas de tráfico hai que ter en conta a recadación efectiva que se obtivo no pasado. Ao mellor cabería aprobar algunha ordenanza para modular as sancións. Chama a atención sobre as necesidades de promover políticas orientadas á xuventude, e neste sentido o orzamento supón un avance.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Abordaron as xuntanzas do orzamento sen ningunha idea preconcebida. Apreciaron a receptividade do goberno. Neste sentido, por primeira vez publicouse na web o borrador do proxecto de orzamento. O mesmo pasou coa previsión dun servizo de normalización lingüística, en colaboración coa Deputación. Tamén a maior dotación para o día das letras galegas. O BNG tamén insistiu incluír a dotación do Plan Concellos da Deputación no orzamento de 2016. Isto vai permitir o seu control orzamentario ao determinarse os proxectos aos que afectará. Tamén valoran o compromiso de arranxar o problema do abastecemento a Parada con cargo ao remanente de Tesourería. Todo elo sen prexuízo de recorrer a decisión de Augas de Galicia. Tamén apoian a dotación para a elaboración da RPT. Pide que ao expediente do orzamento se incorpore a acta da negociación cos representantes dos traballadores. Tamén hai algúns déficits coma o do aforro enerxético do alumeadado. Ademais deberían vir ao Pleno as modificacións orzamentarias con carácter xeral. Sobre a partida do PXOM e Plan de Mobilidade, no seu día propuxeron unha licitación trala retirada da adjudicataria, agora resulta que a nova empresa aposta por un plan de mobilidade sostible. O positivo será que se poida acoller aos fondos FEDER. A actitude positiva do goberno acabou de decidir o voto favorable do seu grupo. A cuestión será que a execución se cumpra correctamente.

Sr. Alcalde-Presidente: Nótase que é un tema que se traballou entre todos. Asumen as achegas e as críticas. Confía que neste ano se debata o orzamento do ano que ven en termos semellantes. Agradece os apoios.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PSOE, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 8; PP e Nigrán Decide.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta ditaminada pola Comisión Informativa Especial de Contas, indicando a Presidencia que a referida aprobación leva consigo o levantamento dos reparos da Intervención.

I.4.- SOLICITUDE A UNICEF DO RECOÑECEMENTO DE CIDADE AMIGA DA INFANCIA

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 18 de febreiro de 2016, ditaminou favorablemente unha proposta da Alcaldía-Presidencia sobre este asunto.

Pola súa parte o grupo municipal de Nigrán Decide presentou una Moción o 02-03-2016 (registro de entrada n.º 2744) propondo un texto alternativo.

Finalmente, a Alcaldía-Presidencia somete ao Pleno a proposta que se transcribe na parte dispositiva.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Explica o proceso seguido coa proposta do goberno, a de Nigrán Decide corrixindo a anterior e a ulterior suxerida pola representación de UNICEF, que pasa a ler.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Substancialmente coincide coa súa postura. En maio de 2017 ten que cumprirse o punto B.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Non hai concellería específica. Pregunta cal se vai encargar. Votarán a favor.

Sr. Alcalde-Presidente: Quen o está levando é a Educadora Social. Haberá que coordinar ás concellerías.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Hai moitas carencias nesta materia. Está de acordo coa proposta.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Mellora a proposta inicial.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda o seguinte:

O Programa Cidades Amigas da Infancia, promovido por UNICEF Comité Español, xunto á FEMP e o Instituto de Estudios Universitarios IUNDIA (entre outros), ten como obxectivo xeral promover a aplicación da Convención sobre os Dereitos do Neno no ámbito dos Gobernos Locais.

O programa persigue os seguintes obxectivos: impulsar a creación e posta en marcha de Plans de Infancia Municipais; promover a participación dos nenos e nenas na vida pública municipal a través dos Consellos de infancia e promover o traballo en rede coas Entidades Locais.

O pasado mes de outubro o concello de Nigrán solicitou a UNICEF Comité Español o recoñecemento como municipio aliado da Infancia, acordo polo que o concello comprométese a comezar a traballar nos pasos previos necesarios para ser recoñecido como Cidade Amiga da Infancia.

Por iso o pleno do Concello de Nigrán insta ao goberno e ao alcalde a:

- a) Traballar na elaboración do Plan Municipal de Infancia e Adolescencia de Nigrán.
- b) Poñer en marcha o consello municipal de participación de Infancia e Adolescencia de Nigrán.
- c) Contar co apoio e colaboración de UNICEF Comité Galicia para o desenrolo, a mellora continua e a innovación das políticas da infancia e adolescencia no noso concello.
- d) Valorar a posibilidade de presentar un proxecto ao certame de Boas Prácticas en materia de infancia que UNICEF Comité Español promove para o ano 2016.

I.5.- CATÁLOGO DAS PAIXASES DE GALICIA

Previa declaración de urxencia, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 18 de febreiro de 2016, acordou dictaminar favorablemente a seguinte Moción do concelleiro Anxo Daniel Mosquera Nogueira do grupo Nigrán Decide:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 12 de febreiro de 2016 publicouse no Diario Oficial de Galicia a ORDE do 4 de febreiro de 2016 pola que se somete a información pública o Catálogo das paisaxes de Galicia durante un prazo de dous meses, e se da audiencia, polo mesmo prazo, aos concellos de Galicia. O artigo 5 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, establece que os poderes públicos de Galicia velarán para que, no ámbito das súas competencias, se adopten as medidas específicas necesarias para a protección, xestión e ordenación da paisaxe e, no seu capítulo III, establece os instrumentos para conseguilo, entre os que está o Catálogo das paisaxes de Galicia, que poderán, no seu caso, identificar determinadas zonas xeográficas como Áreas de especial interese paisaxístico, en atención ós valores naturais e culturais ali presentes.

Neste Catálogo faise un inventario dos valores paisaxísticos que se terán en conta para a inclusión no Catálogo de determinados enclaves paisaxísticos da xeografía galega. Neste Catálogo, a península de Monteferro non figura como “Área de especial interese paisaxístico” a pesar de reunir os valores paisaxísticos do inventario:

Valores naturais e ecolóxicos. A península de Monteferro ampara unha zona declarada REDE NATURA 2000, o espazo de Illas Estelas e Monteferro e constitúe un enclave único non urbanizado nas Rías Baixas de enorme valor ecolóxico, potenciado pola súa proximidade ó Parque Nacional das Illas Atlánticas o que reforza esta figura de protección. Ademais, alberga unha zona de seguridade a efectos cinexéticos e clasificado como “sitio costeiro sobresainde de singular interese forestal e paisaxístico”.

Valores patrimoniais e culturais. Na península de Monteferro sitúanse petroglifos que forman parte do patrimonio cultural (GA36035051 Petroglifo de Punta Lamela, GA36035052-053 Petroglifos do Coello, GA36035054 Xermaña). No seu cumio sitúase un monumento en honor á Virxe do Carme (E4-02), patroa dos mariñeiros e de significativa importancia para a comunidade de pescadores da contorna. Asemade, unha ampla área está ocupada polos restos da antiga batería militar onde poden atoparse aínda restos das edificacións e canóns abandonados.

Valores estéticos e panorámicos. A península de Monteferro pola súa situación xeográfica e como elemento artellador da paisaxe da costa nas Rías Baixas destaca como elemento fundamental da paisaxe especialmente como porta de entrada sur da Ría de Vigo.

Valores de uso ou produtivos. Na península de Monteferro ubícase o ámbito forestal xestionado pola Mancomunidade de Montes en Man Común de Monteferro.

A península de Monteferro cumpre sobradamente con cada un dos valores paisaxísticos inventariados. Por todas estas características, ademais, a península de Monteferro constitúe un referente paisaxístico para a poboación da contorna. Miles de persoas acoden a visitar este enclave único nas Rías Baixas e existe unha gran sensibilización social que esixe a conservación deste espazo como proban as case 10.000 sinaturas que se presentaron no concello de Nigrán en maio do ano 2006 esixindo a súa protección e conservación.

As Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) indican que no ámbito do sistema verde da Rexión urbana das Rías Baixas, localízanse espazos naturais de enorme valor, xunto a outros contornos de singularidade ambiental ou paisaxística como Monteferro, tratándose de elementos singulares que, polo seu valor ambiental, deben ser obxecto dunha adecuada protección e mellora pois constitúen referentes de excelencia ambiental para o conxunto da Rexión urbana, para sinalar que se require garantir a conservación e o funcionamento destes espazos como ámbitos que enriquecen e potencian o territorio da Rexión urbana.

En setembro de 2008, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia iniciou os trámites para a declaración de Monteferro como Paisaxe Protexida a petición da Concellería de Medio Ambiente do concello de Nigrán e da Mancomunidade de Montes en Man Común de Monteferro. A proposta tiña por obxectivo adjudicar a este enclave unha figura de protección que garantise a súa conservación, recuperación e xestión e promover un correcto e enriquecedor uso público. En novembro do 2008 o servizo de conservación de Pontevedra emite informe no que se indica que a zona cumpre coas características dunha paisaxe de elevado valor estético e natural, non rematando en proposta de declaración ningunha.

En marzo de 2011 o Pleno do concello de Nigrán aprobou unha moción na que se volvía a instar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia á declaración de Monteferro como Paisaxe Protexida. Acordo plenario que foi remitido á Xunta de Galicia o 6 de abril de 2011, non existindo constancia nos arquivos da Subdirección de Espazos Naturais de que se teña iniciado un expediente de declaración do Monteferro como paisaxe protexida.

Pese ás diversas figuras de protección, non existe ningún plan de usos e xestión que garanta o uso sostible deste espazo. Por esta razón a figura de Paisaxe Protexida suporía para Monteferro o ingreso desta área na rede de espazos protexidos da Xunta de Galicia o que posibilitaría a captación de fondos autonómicos para a súa protección. O modelo de xestión



proposto suporía ademais, para a Mancomunidade de Montes en Man Común de Monteferro, unha oportunidade de ampliar os recursos técnicos e materiais a fin de garantir a conservación e uso sostible deste espazo.

No caso dos miradoiros que se recollen no Catálogo de paisaxes de Galicia, realizouse un extenso e detallado traballo para a obtención dun inventario completo que abarcase todas as rexións de Galicia. Consideráronse miradoiros aqueles puntos dende os cales se observan vistas panorámicas ou de singular interese ou representatividade, que dispoñen dun acceso rodado directo ou moi próximo. No concello de Nigrán non figuran espazos que cumpren estes parámetros e que son tradicionalmente enclaves xeográficos dende os que observar a paisaxe da contorna.

É por iso polo que lle propón ao Pleno do Concello de Nigrán a adopción do seguinte:
ACORDO:

O Pleno do Concello de Nigrán insta ao goberno municipal e ao Alcalde a:

a) Que durante o trámite de audiencia previsto na ORDE do 4 de febreiro de 2016 pola que se somete a información pública o Catálogo das paisaxes de Galicia presente as seguintes alegacións:

- Para que se inclúa Monteferro como "Área de especial interese paisaxístico" no Catálogo das Paisaxes de Galicia.

- Para que se inclúan na base de datos dos miradoiros incluídos no Catálogo das Paisaxes de Galicia, os miradoiros do Monte dos Outeiros (Priegue), Monte do Castro (Chandebrito) e Miradoiro dos Mouros (Monte Castelo).

- Para que se inclúa o Camiño Portugués pola costa dentro dos valores culturais e patrimoniais descritos no catálogo.

b) Que se poña en contacto coas asociacións medioambientais, culturais e veciñais, para elaborar as alegacións que presente o concello.

c) Que faga as xestións correspondentes na Xunta de Galicia para interesarse polas razóns polas que só se realizou unha actuación previa ao inicio do procedemento e non se iniciou un expediente de declaración de Monteferro como paisaxe protexida, volvendo a instar á Xunta de Galicia ao inicio do expediente para declaración de Monteferro como Paisaxe Protexida."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Está aberto o prazo de alegacións ao catálogo da paisaxe.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Sobre o catálogo, non aparece Monteferro, preténdese a súa inclusión. Por outro lado, os miradoiros de Priegue, Chandebrito e Monte Castelo deberían figurar. Tamén a inclusión do Camiño Portugués pola Costa. En marzo de 2011, no Pleno, pedírase a declaración de paisaxe protexida de Monteferro. Que se active.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: O momento é oportuno ao estar aberto o período de alegacións. Felicita ao grupo propoñente.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: É moi acertada a iniciativa. Parece que o acordo de 2011 non tivo efecto e tampouco outro anterior. Débese insistir. Pide que se manteña informados aos grupos.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: No Concello está a asociación Salvemos Monteferro, sensibilizadora coa cuestión recollida por Nigrán Decide. O mesmo pasa co Camiño Portugués, no que tamén hai que ser conscientes de que implica afeccións.

Sr. Cuevas Raposo: A moción fixérona da man de Salvemos Monteferro.

Sr. Alcalde-Presidente: Na próxima xunta de portavoces pódese avanzar.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 4 de xaneiro de 2016 e o 29 de xaneiro de 2016, ambos incluídos.

II.2.- DAR CONTA DA AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2015

Dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros o informe da Intervención municipal, que a seguir se identifica:

- Rfa. T 8/16
- Data de emisión: 29-01-2016

- Epígrafe: Obxectivo de estabilidade orzamentaria, "Regla do gasto" e nivel de débeda viva estimado no cuarto trimestre de 2015.



II.3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DURANTE O CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2015

Dende a convocatoria da sesión estivo á disposición dos Sres. Concelleiros a documentación facilitada pola Intervención municipal, sobre o cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do Concello de Nigrán durante o 4.º trimestre do 2015.

II.4.- DAR CONTA DA RELACIÓ DE ÓRDENES DE PAGO CON REPAROS CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2015

Dende a convocatoria da sesión estivo á disposición dos Sres. Concelleiros a documentación facilitada pola Intervención municipal, sobre relacións contables con reparos aprobados no cuarto trimestre 2015.

II.5.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- D. *Alberto García Pazos, do grupo Popular:*

1.1. ¿En que data se iniciou o expediente administrativo encamiñado á regularización da situación do cemiterio municipal de Parada?

Sr. Alcalde-Presidente: Segundo os informes municipais dos técnicos, o 13 de marzo de 2015.

1.2. ¿En que data tivo entrada no Concello o proxecto construtivo dos Nichos dos cales se vai a dotar adicionalmente ó citado cemiterio?

Sr. Alcalde-Presidente: Entrou o día 4 de abril de 2015 e o proxecto técnico foi aprobado na Comisión de Goberno do día de hoxe.

1.3. ¿Figuraba no orzamento do exercicio 2015 unha partida económica destinada ao abono da construción deses nichos?

Sr. Alcalde-Presidente: Si

1.4. ¿ Foi transferida no segundo semestre do ano a partida económica destinada a esta obra a outros gastos municipais?.

Sr. Alcalde-Presidente: Si

Sr. García Pazos: A noticia de "Nigrán legaliza o cemiterio de Parada e prepara a súa ampliación con 36 novos nichos" é unha actuación na que se iniciou o procedemento antes de que vostedes comezaran a gobernar.

Sr. Alcalde-Presidente: Estamos culminando moitos traballos do goberno anterior, incluso moitos aínda non os empezamos.

1.5. En relación á remodelación presentada aos medios de comunicación por parte do Equipo de Goberno do Torreiro de Parada en data 24.02.2016: ¿Existe informe técnico municipal do departamento de Urbanismo que avale que o anteproxecto urbanístico presentado está adaptado á cualificación urbanística do citado Torreiro?.

Sr. Alcalde-Presidente: Non está o informe definitivo, pero o Arquitecto dixo de palabra que tal e como está presentado agora si que sería válido.

1.6.- Tendo coñecemento de que o servizo da Grúa Municipal vai a estar atendido por dous operarios municipais contratados a tal efecto, ¿pódennos informar como se van a establecer os horarios diarios, semanais e mensuais de atención ao citado servizo e en que modalidade presencial? ¿Cal é o sistema retributivo adoptado para esta cobertura laboral?

Sr. Alcalde-Presidente: Iniciouse antes de onte a través do plan de emprego da Deputación. Estase a por en marcha e os horarios son estar localizables as vinte e catro horas do día. O que cobran é o salario mínimo interprofesional máis a parte proporcional das pagas extras. Salario adaptado á súa categoría.

Sr. García Pazos: Hai que ter en conta que o traslado de horas de presenza física a horas localizables ten que ter unha equivalencia tal que as horas de presenza física establecidas como xornada nas instrucións da a Deputación cumpra coa utilización da subvención.

1.7.¿Realizouse proxección económica do custo das Obras comprometidas na Memoria da Alcaldía do orzamento municipal de 2016 correspondentes ao remanente de Tesourería 2015 que en conxunto superan o millón de euros, para que poida ser afrontado por esta vía, cando ademais previamente deben liquidarse obrigatoriamente os préstamos que teña aínda pendentes o Concello?.

Sr. Alcalde-Presidente: Estamos pendentes.

1.8. ¿Realizouse a notificación preceptiva que recolle a Lei de Contratos en tempo e forma, en relación á rescisión do contrato de alquiler da nave utilizada na actualidade como Almacén Municipal?.

Sr. Alcalde-Presidente: Si.

Sr. García Pazos: ¿Terminouse a utilización desa dependencia o día que finalizaba o contrato?, porque de non ser así, a non ser que haxa un acordo escrito co propietario poden xerarse dereitos por parte do propietario por estar ocupando a propiedade máis tempo que o que estaba contratado. E como existía a posibilidade no contrato da ampliación dun ano, non nos vaiamos a atopar que se amplíe un ano de contrato por non deixalo desocupado no momento en que tiña que ser.

1.9.- ¿En que situación procesal se atopa o expediente de Auditoría e revisión dos servizos Externos de Recollida de residuos Sólidos Urbanos e limpeza viaria?

Sr. Alcalde-Presidente: Estamos pendentes de facelo.

1.10. ¿Como se atopa neste momento o Concello en relación ao equilibrio económico



establecido no Contrato acordado coa Empresa Externa xestora do Servizo de Abastecimento de Auga Potable e saneamento?

Sr. Alcalde-Presidente: Aínda non teño a resposta.

1.11. Preguntáralle polo inicio dunha serie de expedientes de obras, que son obras que en diferentes notas de prensa fan referencia ao que debería ser a finalización da obra; e todos son expedientes iniciados antes do mes de xuño de 2015. Quero deixar constancia no Pleno de que a práctica totalidade das obras que se publicitaron como finalizadas nestes últimos oito meses tiñan o seu inicio en canto a tramitación e dotación económica, no último ano do goberno anterior.

As seguintes preguntas vou deixalas lidadas. É probable que non poida contestalas ata o Pleno seguinte:

1.12. No expediente de persoal número 2015/03, evidenciase na páxina 57, un documento de levantamento de reparos asinado polo Alcalde. no que indica:

"Leídos los reparos, incorporando esta decisión en la resolución fundamentada en Informes técnicos y Providencia de Alcaldía". Os informes nos que se fundamenta son tres, un do TAX, outro do Interventor e outro da Deputación Provincial. O que chama a atención é que os dous nos que se fundamenta son os que precisamente pon os reparos e tal como marca a xurisprudencia, debe existir unha fundamentación técnica de por que se levantan os reparos en contra dos fundamentos técnicos dos reparos. Non existe. Preguntamos por que se levantaron eses reparos e, sobre todo, que para o seguinte Pleno nos indique se hai seguridade xurídica absoluta de que a tramitación deste expediente é a correcta ou se corremos o risco de que o expediente poida declararse nulo de pleno dereito, o que afectaría a moitas persoas; persoas contratadas que poderían ter un problema na súa contratación.

D. Diego García Moreira, concelleiro delegado: Ese expediente a nivel xurídico é moi denso e hai que ter certas nocións. Unha delas é que no levantamento de reparos nesa resolución non está motivado, pero si aparece un decreto no expediente no cal se fundamenta o porqué se procede á contratación dos monitores desta maneira pública xustificando este servizo como esencial para un Concello como Nigrán. Un, que eran unha actividades de carácter social; dous, actividades deportivas ao amparo da Lei galega e para cubrir certos servizos que xa se viñan prestando, outro requisito indispensable para a citada contratación. Isto foi así porque parte do informe dos servizos xurídicos da Deputación amparaban que a lei que restrinxía a contratación de novos empregados no ano 2015 tiña a súa parte interpretable. De feito basta con ler a Lei de orzamentos do Estado de 2015, onde non se establece taxativamente en que se pode contratar ou que é un servizo esencial. Por aí é a liña do informe da Deputación, liña que tamén menciona o informe do técnico xurídico do Concello e si é verdade que no decreto de inicio do expediente se fundamentou desta maneira. Non quería entrar en máis profundidade de interpretación de leis, que como todos sabemos, a lei é moi interpretable. Para mostra só hai que coller tres sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de diferentes comunidades sobre o mesmo tema e seguramente atoparemos para todos os gustos.

Sr. García Pazos: Precisamente o informe de reparos da Intervención é posterior ao informe que se pediu á Deputación, e curiosamente se pide un informe á Deputación ao inicio do expediente, cando se prevé que poden existir problemas nos informes internos e aválase o procedemento nun informe que indica que, efectivamente, para determinar que un servizo é esencial debe ditaminarse a través dunha motivación por parte do órgano correspondente, e aí entrariamos a determinar se a modificación da Lei de Bases de Réxime Local indica que ese é un servizo básico para o Concello. Indica que son servizos básicos a promoción do deporte e da cultura, non a realización por parte do propio Concello nin a financiación desas actividades. Por iso digo que é mellor ter un informe que nos xustifique que iso é correcto e non quedarnos nunha interpretación en contra dos informes técnicos municipais que poida por en risco todo o expediente.

Sr. García Moreira: Como ben dis, é unha interpretación. Nós o que si tiñamos claro era apostar polo emprego público e por seguir prestando aos veciños o servizo, tal e como se viña prestando ata agora. Ademais, neste caso, o informe xurídico que o fundamentaba era a raíz dunha reclamación dun monitor e por iso se pediu un informe máis completo e nunca mellor que á Deputación, que ten unha visión máis global de varios municipios e non só do noso.

Sr. García Pazos: Aí houbo un empeño, e sabendo ademais que podía existir ese problema de que os contratos continuados, aínda con interrupción, podían dar lugar a unha petición de dereitos polos traballadores, a actividade podía continuarse pero doutra forma sen entrar nese risco. Un procedemento que ao final demostrouse que todo o procedemento se retrasara no tempo, que houbera actividades que non se puideron facer; que houbo actividades que comezaron tarde conservando o mesmo prezo público que se estableceu para seis meses, que conlevou múltiples problemas que aínda se están vivindo ao día de hoxe, por empeñarse en facelo dunha forma determinada.

1.13. No expediente administrativo correspondente ao contrato menor de Servicios 2015/113C "Señalización accesible en la Red de Senderos del Concello de Nigrán" na factura presentada por dito servizo identifícanse reparos suspensivos do pago da citada factura. Un dos reparos fai referencia a un Informe da Enxeñeira Municipal que dicía que non había coincidencia entre o número de unidades instaladas e o número de unidades presupostadas. Ese reparo non consta no expediente o levantamento, só consta a factura asinada polo Alcalde sen o visto e prace de ningún técnico: ¿por que se fixo iso?.

Sr. Alcalde-Presidente: Temos que comprobalo. Eu sei que a inspección que viu foi correcta.

1.14. Solicitamos informe avalado pola autoridade e/ou funcionario con competencia a tal efecto, no que se indiquen as horas de traballo con cómputo semanal e mensual realizadas polos traballadores con contrato laboral formalizado co Concello de Nigrán e financiados con subvención da Deputación Provincial, dos traballadores X e X, tanto en modalidade presencial coma de localización. Para poder identificar a que actividade se dedicaron.

2.- D. Modesto Martínez Sienes, do grupo Popular:



2.1. En relación á redacción do PXOM, en reunión co equipo redactor, este comprometérase en ter contestadas a totalidade das alegacións a principios deste ano. ¿Mantívose contacto desde o goberno para saber en que fase están? ¿Cando está prevista a próxima reunión do equipo cos representantes da Corporación?

Sr. Alcalde-Presidente: O contacto foi onte. Quedan aproximadamente cen alegacións por contestar. Alfonso Botana di que están traballando nelo, pero como o 19 de marzo entra en vigor a nova lei do solo e están con tres Concellos que teñen que ter a aprobación definitiva antes de que saia a lei, están moi volcados neses tres, pero comprométese a que o fan antes de fin de mes.

2.2. ¿Cando está prevista a convocatoria da primeira reunión da mesa de diálogo para a futura biblioteca municipal?

Sr. Alcalde-Presidente: Despois deste Pleno faremos a xunta de portavoces, na que iría o da biblioteca, o do espazo protexido, para a próxima semana probablemente.

Sr. Martínez Sienes: ¿Que concellalía ou membro do goberno vai ser o interlocutor no asunto da biblioteca municipal?

Sr. Alcalde-Presidente: Eu estarei.

3.- D^a. M^a. Carmen Alonso Macías Jorroto, do grupo Popular.

3.1. ¿Como vai o expediente de contratación da axuda a domicilio?

Sr. Alcalde-Presidente: Houbo unha reclamación por parte dunha empresa sobre o procedemento de contratación. Vaise a sacar de novo a licitación, hai que publicar de novo o anuncio.

Sra. Alonso Macías Jorroto: ¿Sodes conscientes de que unha das empresas que se presentou foi a actual?

Sr. Alcalde-Presidente: Si, por iso unha das condicións que se lle puxeron na nova contratación esperemos que poidan impedir que esta empresa sexa a adxudicataria.

4.- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira, do grupo Nigrán Decide:

4.1. Dentro do programa electoral do PSOE nas pasadas eleccións municipais indicaba que vostedes iban a por en marcha programas de formación para adecuar a demanda de emprego á oferta, con especial atención ás empresas que se asentan en Porto do Molle. ¿Fíxose algunha xestión para a realización destas actividades?

Sr. Alcalde-Presidente: Estamos participando todos os meses nas xuntas cos empresarios de Porto do Molle. Está plantexado ao Consello Rector do Parque Empresarial e estamos traballando con eles en saber as necesidades que teñen.

4.2. ¿Realizouse algunha xestión en relación aos cortes do subministro eléctrico que

sucederon en diferentes zonas do pobo nas últimas semanas?

Sr. Alcalde-Presidente: Nin sequera no correo de suxestións houbo queixas dese tipo. Nós non o detectamos.

4.3. ¿Cal é a situación do plan de control de vertidos do que lle falamos no Pleno anterior?

Sr. Alcalde-Presidente: Está na mesma situación.

Sr. Mosquera Nogueira: Existen numerosos desaugues nas praias de Prado e Patos que botan auga que sospeitamos que está contaminada, rogamos que a análise desta sexa prioritario.

Sr. Alcalde-Presidente: Pasaremos a petición a AQUALIA.

5.- D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:

5.1. Aprobouse no Pleno iniciar un expediente para reclamarlle a CESPRA o recadado a través dos distintos sistemas integrados de xestión de recollida selectiva, ¿iniciouse o citado expediente?

Sr. García Moreira: Por unha parte está pendente de contratación dita a actividade e, por outro lado, nós fixemos tarefas de búsqueda de máis información cos dous xestores, ECOEMBES E ECOVIDRIO para recuperar máis datos para posteriormente utilizalos para o expediente. Eles tiñan os datos totais de selectivas e demais.

Sr. Cuevas Raposo: Non creo que haxa que contratar nada, é ver que pagou ECOEMBES E ECOVIDRIO, dividir entre dous e restar.

5.2. Nun Pleno aprobouse como posibilidade solicitar a inclusión do portal de transparencia no portal de Facenda. Tamén se aprobou solicitar a adhesión ao acordo marco do portal de transparencia e a alta no perfil do contratante na plataforma de contratos públicos de Galicia. Por rexistro aportei información de que había posibilidade dun día para outro no portal de transparencia que está facendo Eido Local. ¿Solicitouse adherirse a algunha destas tres?

Sr. Alcalde-Presidente: Si, estase pendente da sinatura electrónica.

Dª Raquel Giráldez Armas, concelleira delegada: Ao perfil do contratante.

Sr. Cuevas Raposo: ¿E ao de transparencia non?

Sra. Giráldez Armas: Aínda non.

5.3. ¿En que porcentaxe superan o salario mínimo interprofesional as persoas contratadas con cargo a subvencións da Deputación?

Sr. Alcalde-Presidente: O salario bruto corresponde ao salario mínimo interprofesional.



Os importes de cotización á Seguridade Social calcúlanse en función do posto e a ocupación que van desenvolver.

Sr. Cuevas Raposo: Entón cero.

5.4. Estase a impartir un curso relativo a produtos fitosanitarios, ¿cales son os criterios para a selección?

Sr. Alcalde-Presidente: Fíxose un anuncio en prensa e a xente viu ao Concello de Nigrán e á medida que iban vindo, se iban collendo. Como se triplicou o número de apuntados estanse pondo en marcha máis cursos para cubrir esa demanda urxente que está chegando a parte dos veciños de Nigrán que é unha norma que implanta a Xunta e que nos toca a nós apandar con ela.

Sr. Cuevas Raposo: ¿Apúntanse por rexistro?

Sr. Alcalde-Presidente: Apuntáronse directamente en Secretaría da Alcaldía.

Sr. Cuevas Raposo: A min me parece máis propio dun Concello do século XIX que do século XXI, que nunha actividade do Concello xestione a selección un cargo eventual. Non me parece correcto.

5.5. ¿É coñecedor vostede que a empresa actual do Servizo de Atención Domiciliaria cometeu faltas moi graves respecto ao prego de condicións?

Sr. Alcalde-Presidente: Son coñecedor de que algunha das cláusulas do prego de condicións que non se cumpriron e que teremos en conta.

5.6. ¿É consciente vostede de que si a empresa non cumpre cos traballadores o responsable subsidiario é o Concello?

Sr. Alcalde-Presidente: Esperemos que acabe pagándolle.

Sr. Cuevas Raposo: Agora que se vai a licita de novo, que dentro dos pregos se especifique como falta grave e que non se lle pague mentres non acredite o pago dos salarios e a alta na Seguridade Social.

Sr. Alcalde-Presidente: Creo que no novo xa está.

5.7. Xa que son membro da Corporación e a responsable de comunicación é do Concello de Nigrán, rogo que nos remitan os comunicados de prensa que envían.

5.8. ¿Cal é a razón pola que a min, como Presidente da Comisión de Reclamacións non me chegan todas as reclamacións?

Sr. Alcalde-Presidente: Non teño constancia.

Sr. Cuevas Raposo: O digo en público porque hai que aclaralo, porque cando hai xente que cre que lle vou a solucionar o problema e eu non son coñecedor do problema o que está quedando mal son eu. Estou a falar dun escrito dirixido especificamente á

Comisión Especial de Reclamacións presentado por Rexistro.

6.- D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:

6.1. Está recollido na acta do Pleno anterior que ao rematar entregaríase a sentenza de Zona Franca.

Sr. Alcalde-Presidente: A envío mañá.

6.2. Con respecto á RPT tamén de dicía que se nos facilitaría copia pero non a temos.

Sr. Alcalde-Presidente: Enviámola mañá mesmo.

6.3. No Plan de obras da Deputación do 2015 estaban incluídas, entre outras, a pavimentación da Rúa Alcalde Manuel Alonso e a Rúa José María Pérez Alonso. Quería saber en que situación se atopan eses expedientes e se hai previsto facer algunha actuación na intersección da Rúa Manuel Alonso coa Avenida Val Miñor e se a Xunta ten previsto realizar unha rotonda que se falou no seu día.

Sr. Alcalde-Presidente: As obras están en proceso de contratación, foron informadas polos servizos económicos municipais. A Xunta tiña pensado facer unha rotonda. Desde que cambiou este goberno xa non fai nada. Pero tanto desde a Policía Local coma desde Vías e Obras sabemos que alí hai que facer algo, aínda que sexa mover o paso de cebra.

Sr. Valverde Pérez: Non había nada en concreto, había un par de propostas pero non nos convencera ao cen por cen ningunha porque significaba sacrificar aparcamentos e facer unha obra de máis de 300.000 euros e naquel momento non había nada pechado. O que si, nos asfaltado de Manuel Alonso e Vilamén estaba previsto que nesa obra esa pendente se rebaxe dalgunha maneira á hora de facer o asfaltado.

6.4. Días atrás saíu unha denuncia na prensa pola proliferación de cabalos soltos no entorno de Porto do Molle, invadindo parcelas privadas e irrompendo en viais, un feito que eu xa denunciara en xaneiro de 2014. ¿Levou se acabou algunha actuación con Zona Franca?

Sr. Alcalde-Presidente: Das reunións que temos co Consello Recotor ese é o problema máximo. Hai cabalos en parcelas privadas nas que non podemos entrar, pero desde os servizos xurídicos estamos iniciando un proceso para saber que podemos facer con eses cabalos.

6.5. Este fin de semana é a Festa da Arribada en Baiona, sabemos pola prensa que se pretende utilizar o Parque Empresarial de Porto do Molle como aparcamento alternativo, contando con servizo de autobuses cada media hora. Parece ser que o Concello non estaba informado desta situación. ¿É certo que desde o Concello de Baiona non lle informaron desta posibilidade? ¿A o tratarse dun evento supramunicipal xestionouse que os taxistas do Val Miñor poidan traballar?

Sr. Alcalde-Presidente: É certo que nos decatamos pola prensa, falamos co Alcalde de Baiona e durante esta semana, tivemos reunión de crise cos empresarios, e antes de onte mantívose unha reunión entre o Concello de Baiona e o Consello Reitor, que tiñan



de prazo ata o día de hoxe ás 20 horas para presentar un plan de seguridade sobre o que se pensa facer nesa parcela de Zona Franca. Presentárono ao mediodía. En canto aos taxistas por primeira vez os de Nigrán poderán estar incluso aparcados nas paradas de Baiona. Chegamos a un acordo entre as dúas Alcaldías que foi autorizado pola Dirección Xeral de Mobilidade para que os taxistas de Nigrán poidan saír, entrar e aparcar en Baiona.

6.6. ¿Hai algunha xestión máis para que o autobús de transporte público repoña a ruta pola Estrada pola Vía?

Sr. Alcalde-Presidente: Podemos retomalo, pero non houbo máis reunións.

7.- *D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:*

7.1. ¿No tema do SAF gustárame saber que tipo de recurso se presentou?

Sr. Alcalde-Presidente: Un recurso de reposición pola non inclusión dos detalles dos traballadores. Foi estimado.

7.2. Na liña de por en marcha o Plan Provincial de Normalización Lingüística, teño entendido que houbo unha primeira reunión na Deputación para expor o Plan Provincial de Normalización Lingüística. A min gustárame saber se acudiron a esa xuntanza e que conclusións se sacaron.

Sr. Alcalde-Presidente: Era unha reunión política. Eu estiven pola mañá co Deputado D. Xosé Leal e díxome que era para expor as liñas de aprobación que saíron publicadas no BOP o luns ou martes seguinte e polo tanto non asistín porque xa falei con eles pola mañá. A liña á que se vai acoller Nigrán é a de contratación de persoal.

7.3. A raíz do que se falou aquí da Comisión de Suxestións e Reclamacións, a parte de que algún escrito se puidera dirixir directamente á comisión especificamente; aparte, acabamos de oír que no tema dos apagóns de Priegue nin sequera houbo ningunha ao respecto, aínda que entendo que igual houbo outras por outras cuestións das que eu polo menos tampouco teño coñecemento. Eu o que quero é por o acento nunha cousa: isto pasa polo que dixen eu, para que isto funcione de verdade e non quede nun brindis ao sol é absolutamente necesario o órgano de apoio, o funcionario a través de quen se canalicen todas estas cuestións. Mentres non teñamos o órgano de apoio, é como senón tivéramos nada. O buzón de suxerencias seguirá colléndoo a secretaria do Alcalde e con sorte ao mellor pásancho a ti, se cho pasan, e senón seguiremos igual. Como rogo, pido que á maior brevidade posible se poña en marcha o órgano de apoio á Comisión.

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.